


GUÍA DIDÁCTICA DO ALUMNO PARA A VISITA A DOMUS DO MITREO



MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO

Guía do alumno

Boas! Como o meu nome indica, son a Domus do Mitreo, de Lugo, e veño para contarvos un pouco da miña vida:

Sobre min e a miña cidade

Para comezar gustárame falarvos da miña relación coa cidade de Lugo.

Fun construída no s.II d.C. en Lucus Augusti (Lugo) e, desde entón, vivín moitas cousas nesta cidade, pero antes de relatalas quérovos falar do seu nome: por unha banda, o termo *Augusti* foi acuñado en época imperial en honor ao emperador César Augusto.



Por outra, o termo *lucus* significa ‘bosque sagrado’ dedicado a un deus. Ten que ver con *lux* (‘luz’) porque nos claros destes montes facíanse rituais relixiosos.

Pero non só se facían rituais nos montes, tamén había templos para iso.

A veces, incluso eses templos estaban dentro dunha casa.

Aínda que isto último non é o máis habitual, o certo é que eu mesma son unha desas casas-templo. No meu interior teño agochado un templo dedicado ao deus Mitra –chamado mitreo–, no que se facían cerimoniais relixiosas secretas en honor a este deus.

Eu son exemplo dunha realidade combinada entre o bulir da cidade, como domus que son, e o secretismo dunha relixión mística, pois tamén teño un mitreo.

Sobre a romanización

Xa vos dixen que son de Lugo, pero sempre estiveron moi conectada co modo de vida itálico e, en concreto, co romano. Por que?

Nacín no século II d.C. Nesa época, xa estaban os romanos por aquí, falábase latín e a miña cidade era practicamente romana. Pero iso non foi sempre así. Antes da miña época, o lugar era completamente distinto porque os romanos aínda non chegaran.



Antes, falabamos outras linguas e as persoas non se relacionaban da mesma maneira, por poñer uns exemplos. Isto cambiou coa conquista romana da Península Ibérica. Pero non foi para nada un proceso rápido.

Teño algúns coñecidos na Galia, actual Francia, e alí tardaron menos de 10 anos en ser conquistados. Chaman a este proceso a Guerra das Galias. Aquí, os romanos tardaron máis en asentarse por varios motivos.

Un deles é que algunhas partes do territorio son moi montañosas ou de difícil acceso. Outro é que tiveron que loitar aquí cos cartaxineses, que tamén tentaban ocupar a Península: máis tarde, os historiadores denominaron este feito como as Segundas Guerras Púnicas (218-208 a.C.).

Os cartaxineses eran un pobo con moitos recursos económicos, toda unha potencia. Non obstante, despois da vitoria de Roma sobre Cartago, ocupou case todo o territorio da Península Ibérica completando a súa conquista cara o ano 19 a.C.

O noso territorio, dende entón, comezou a ter moito máis contacto con Roma. Dividiuse en provincias (a Hispania Citerior, ‘a de preto’, e a Hispania Ulterior, ‘a de lonxe’, dende o punto de vista de Roma) e en certa medida adquirimos trazos culturais do Imperio.

Por exemplo, algúns destes trazos culturais poderían ser a arquitectura, o modo de vida urbano, a organización política ou os camiños. Comezouse a falar en latín ademais das linguas que xa se usaban.

Este proceso chámase romanización: é a adaptación do modo de vida e a cultura romana nos territorios que estaban en contacto co Imperio ou eran invadidos por el. Pero teño que facer unha aclaración. A romanización é un termo histórico.

Quero dicir que o proceso de asimilar a cultura dun invasor non é para nada raro. Pero a romanización é, en concreto, este proceso que sufriron os territorios invadidos por Roma.

Moitos territorios, coma o noso, tiñamos unha tendencia a asimilar as características da nova civilización romana porque tamén tiña as súas vantaxes.

Tiñades que velo, o Imperio Romano era un portento daquela. Xigante, ben comunicado, cuns edificios enormes...

Aínda hoxe, Lugo é unha cidade fortemente romanizada, na que se conservan moitos restos desta época, como pode ser a muralla, a ponte ou as termas.



Sobre a miña vida

Agora vouvos levar de viaxe pola miña longa historia.



Aquí viviu, entre outros, unha familia acomodada, a do centurión Gaio Victorio Victorino e, a petición de dous dos seus libertos, engadíronme un magnífico templo dedicado ao deus Mitra.

Mais non sempre fun tan maxestosa coma agora; de feito, fun construída en tres fases:

Daqueles primeiros tempos da miña longa vida –aló polos anos 13-15 a.C., en plena época alto imperial– non quedan hoxe máis ca uns poucos muros que xa ninguén é capaz de delimitar, pois a maioría foron eliminados ou arrasados ata a súa cimentación.

Nunha segunda fase, trazáronse as miñas liñas mestras e quedei constituída por planta baixa e primeiro andar, tal e como me vedes hoxe. No glosario tedes máis información acerca das partes dunha domus romana.

Por suposto, a xeometría das miñas proporcións non é aleatoria: tanta beleza non sería posible de non ter seguido os principios de Vitruvio, famoso arquitecto romano.

Na época baixo imperial, decidiron reorganizar os meus espazos de tal xeito que algúns fosen privados e outros se adaptasen ás funcións de carácter social derivadas da edificación do mitreo. Non vos podeades imaxinar como este templo aumentou o meu status! Cántovos máis sobre el:

O achado dunha inscrición conmemorativa de Mitra, deus solar de orixe persa, realizada por un centurión da Lexión VII Xémica, Gaio Victorio Victorino, encargado da oficina de control de Lucus Augusti, foi o que lles permitiu aos investigadores establecer a función deste espazo.

A súa escenografía recorda a unha cova: orixinalmente o culto a Mitra levábase a cabo nestes lugares. Podeades acceder ao templo polo lado sur, tras cruzar un pequeno vestíbulo, mentres que no norte eríxese unha estatua de Mitra, que permanece oculta.

O mitreo permaneceu en pé moitos anos dende que eu fun expropiada por mor da construción da muralla –a finais do século III–, mais no ano 350 d.C. foi finalmente derrubado, posto que o mitraísmo era competidor directo do cristianismo.

En canto a min, ao longo da Idade Media as miñas estancias foron reutilizadas para moi diversas funcións. Na Idade Moderna os Montenegro, unha familia nobre, construíron enriba de min o seu fogar. Finalmente, a USC adquiriu o edificio e converteuno na sede do seu vicerreitorado.

Mais a miña historia non remata aquí: invítovos a que, a través de min, descubrades un pouco máis sobre a civilización que, xunto coa grega, asentou as bases da vosa cultura.

Sobre o mitraísmo



Volvendo á cuestión dos cultos secretos en Lugo, quero recordaros como funcionaba a relixión romana da época, para que poidades entender mellor en que consistía o culto ao deus Mitra e que ocorría no meu mitreo:

En época imperial adorábanse publicamente os deuses do panteón clásico (Xúpiter, Posidón...) e, nalgunhas ocasións, ao emperador. En cada casa tamén se rendía culto a espíritos de antepasados (manes) e seres sobrenaturais (lares e penates).

Ademais destes cultos públicos e privados, existían outros de influencia grega e oriental que se desenvolvían nun ámbito máis secreto. Coñécense como cultos místéricos e son celebrados por organizacións relixiosas ás que non se podía acceder sen superar un ritual de iniciación.

Este ritual é necesario porque a filosofía deste tipo de cultos xira en torno á revelación dunha verdade mística á que o resto non pode acceder. O meu mitreo é unha sede dun destes grupos relixiosos; aquí organizaban rituais e festividades secretas rendendo culto ao deus Mitra.

Como é que rematei eu, unha casa da rexión máis occidental do Imperio, tendo un mitreo, un templo en honor a un deus de orixe persa? A resposta ten que ver, coma tantas outras cousas romanas, co exército.

A partir do século I, o mitraísmo estendeuse a través desta institución por todo o Imperio. Un dos motivos do éxito desta crenza no exército é que se organizaba en sociedades secretas exclusivamente masculinas.

Os ritos dos misterios, como xa sabedes, eran secretos. Así pois, aínda que eu os vin, non esperedes que vos conte. O único que podo contar é o que podeades vós mesmos interpretar a través da iconografía.



O motivo representado aquí é o de Mitra Tauróctono. Segundo se conta, o deus levou un touro a unha cova por orde do Sol, onde o sacrificou. Do sangue e o esperma do touro naceron todas as especies animais e vexetais que hoxe existen.

Como xa se ve no mito e en moitas outras fontes, existe unha forte relación entre Mitra e o Sol, ata o punto de que a veces se identifican.

Isto, claro, supón un problema para os investigadores modernos, pobres non iniciados que viven nas tebras do descoñecemento.

Aínda máis problemas supoñen fragmentos de cantos celebratorios tan escuros coma o que segue:

Dulc(i)a sunt fi(cata) avium (s)ed cura gubernat.

Doces son os fígados das aves, pero a preocupación goberna.

Visto que todo coñecemento real é imposible fóra dos misterios de Mitra, pasarei a falar agora dos sete graos de iniciación:

Existen sete graos sucesivos de menor a maior importancia: Corvo (*Corax*), Oculto ou Noivo (*Cryphius* ou *Nymphus*), Soldado (*Miles*), León (*Leo*), Persa (*Perses*), Mensaxeiro do Sol (*Heliodromus*) e Pai (*Pater*).

En canto aos rituais, un dos máis coñecidos consistía nun banquete que reproducía aquel no que Mitra e o Sol selaron unha alianza.

Outro, bastante máis espectacular, consistía en botar un iniciado cos ollos vendados e as mans atadas nunha talla chea de auga, de onde o sacaba un salvador.


Algúns investigadores sosteñen que isto era un símbolo de renacemento e resurrección, pero quen pode sabelo agás que estea verdadeiramente iniciado?

Xa que falamos da morte, temos agora que enfrontarnos aos derradeiros tempos do mitraísmo.

Durante un tempo, a pesar da forte expansión do cristianismo, o mitraísmo seguiu a ser unha importante crenza no Imperio. Porén, a raíz de distintos sucesos históricos, o paganismo foi decrecendo, e o mitraísmo con el, ata desaparecer.

Non obstante, aínda quedamos algúns herdeiros que o mantemos vivo: algunhas das antigas domus romanas, coma min mesma, amosamos ao mundo ese legado.

GLOSARIO: As partes dunha domus



Atrium (eu non o conservo): orixinariamente era o centro da casa, pero foise especializando como unha sala con función de representación social. No centro do seu teito mantíñase un espazo rectangular sen cubrir chamado *compluvium*.

Cubiculum: cada un dos pequenos dormitorios da domus, situados xeralmente nos laterais do *atrium* ou do *peristylum*.

Hypocaustum: sistema de calefacción consistente en aproveitar a calor dunha fogueira para quentar tanto a casa como as augas destinadas ao aseo persoal. O método consiste en facer pasar as



Cubiculum

chamas e o tiro dunha fogueira exterior polo subsolo dunha ou varias estancias.

Impluvium: sistema de aproveitamento de auga que recollía a chuvia a través dunha apertura do teito (chamada *compluvium*) para o seu uso posterior. Os historiadores e arqueólogos non teñen claro que eu o tivera. E non quero falar das miñas intimidades.

Mythraeum: templo dedicado ó deus Mitra. Podía ser unha cova adaptada, un edificio que imita a forma dunha delas ou tamén construírse no interior dun edificio ou baixo terra.



Mythraeum

Oecus: era a sala principal ou vestíbulo da casa romana e incluso utilizábase ás veces para realizar banquetes, aínda que maioritariamente tiña a función de salón para recibir visitantes ou facer reunións. Xeralmente, encóntrase entre o *atrium* e o *peristylum*.

Coidado! Respecto ao *oecus*, cabe destacar que o muíño (*molendinum*) que teño eu foi unha reutilización posterior desta estancia, pero non formaba parte dela inicialmente.

Peristylum: estancia porticada (como o seu nome grego indica) situada na parte máis interior da domus. Semellante a un gran patio interior e con xardín, ao seu redor constrúense as habitacións máis importantes da casa e, co tempo, adquire relevancia en detrimento do atrio.




Peristylum

ACTIVIDADES

Actividades finais

Ti es Segundo Victorio, escravo de Victorio Victorino. Acabas de iniciarte no culto a Mitra. Vai ascendendo nos graos mitraicos a medida que superas estas probas:

1. *Corax*



É a hora da *cena* e o teu *dominus* está a ofrecer un banquete. Debes preparar a comida e servila aos comensais. Tomando o *oecus* como punto de partida, indica por que estancias da domus pasarías e por que te deterías en cada unha delas. Non esquezas a auga para cociñar!

Esta tarde o teu *dominus* ten prevista unha importante reunión cuns funcionarios públicos e quere que lle prepares unha estancia. Cal? Nela hai pinturas murais que están deseñadas para ser moi duradeiras. Como se consegue isto? Pista: un famoso arquitecto romano ten moito que ver.

2. *Nymphus*

Polo teu bo labor, o teu amo acaba de liberarte. Agora es un liberto. Celébralo pasando o día pola cidade e atopas un viaxeiro antirromano que alardea de que o seu pobo non estea romanizado. Ti sénteste romano: tenta argumentarlle por que é beneficiosa a romanización.

3. *Miles*

Tras a acalorada discusión, entras por patriotismo no exército para apoiar a expansión do Imperio. Xa milagrosamente vitorioso e rico, decides xubilarte e construír unha domus en Lucus Augusti. Fíxate neste plano e argumenta onde construírías ou mercarías a túa casa.



4. *Leo*

INVIC MITHRAE
G VICTORIVS VIC
TORINVS) **L VII G**
ANTONINIANAE P F
IN HONOREM STA
TIONIS LVCENSIS

Ao Invicto Mitra
Gaio Victorio Victorino,
centurión da **Lexión Séptima**
Xémina Antoniniana Pía Feliz
en honor do posto
de garda lucense

ET VICTORIORVM
SECVNDI ET VIC
TORIS LIB SUOR
VM **ARAM PO**
SVIT LIBENTI
ANIMO

e dos Victorios
Segundo e Víctor,
libertos seus,
puxo este altar
de moi bo grao.

O teu antigo *dominus* Victorio Victorino encargou unha inscrición ao deus Mitra para o seu templo; ti, que xa es un adañeirado *pater familias*, queres facer un exvoto mellor para algún deus. Deseña a túa inscrición inspirándote nas seguintes fórmulas:

Deae Nem[e]-/si / Dec(imus) Fonteius / Apolaustus / cum suis /
v(otum) l(ibens) / a(nimo) s(olvit)

Á deusa Némesis, Décimo Fonteyo Apolausto cos seus
cumpriu o voto por propia vontade.

[Pro salute d(ominorum) n(ostrorum) Au]g(ustorum) / [et
nob(ilissimi) Caes(aris)] / **[deo Mithrae et Soli] Invicto** / [ab oriente]
ad [occid]entem

Polo benestar dos nosos emperadores Augustos e do nobilísimo
César, **para o deus Mitra e o Sol Invicto** de oriente a occidente.

Deo Rom[u]lo / Gulioepius / **donavit** / Iuventinus / **fecit**

Ao deus Rómulo Gulioepio **ofreceu isto**, Iuventino **fixoo**.

Doe Mar-/ [t]i **san(cto)** / s(acrum) / **d(ono) d(edit)**

Sagrado **para o divino deus** Marte: (...) **ofreceu isto como**
regalo.

Helstri/us Novel/lus prae/fectus / **numini** / **Volcan[i]** / **[p]o[s(uit)]**

Helstrio Novelo, prefecto, **erixiu isto ao divino poder de**
Vulcano.

Comparte a túa inscrición en latín en Twitter co cancelo #DomusMitreoLeo para que eu a poida ler.

5. *Perses*

Nunha noite de festa váiseche a lingua e dáche por revelarlles a uns non iniciados como é o interior dun mitreo. Cóntalles como é a súa arquitectura e como está habilitado para executar os seus ritos; pensa en estancias da vida romana cotiá que lles axuden a visualizalo.

6. *Heliodromus*

Aínda que non se decataron da túa falta e polo tanto segues formando parte do culto, pasas unha mala racha e cres que é un castigo de Mitra. Sentíndote culpable, involúcraste aínda máis no mitraísmo e queres afondar nos seus significados ocultos.

Fíxate nos elementos que están no teito da cova esculpida no seguinte relevo. Que cres que representan? Tendo isto en conta, que simboliza por tanto a cova?



7. *Pater*

Para ser un Pater, debes ser quen de reconstruír e narrar o mito. Tendo en conta todo o que sabes, tanto pola iconografía coma polos ritos, e, sobre todo, o que non sabes, tenta encher as lagoas de descoñecemento que o envolven.

Para saber como encamiñar a narración, fíxate precisamente nas incógnitas máis chamativas: como se relacionan Mitra e o Sol? Por que lle manda matar o touro? Que sentido teñen as figuras que están aos lados de Mitra neste grupo escultórico? Non temas equivocarte!





GUÍA DO ALUMNO PARA A VISITA Á DOMUS DO MITREO

Adrián Boullosa Fraga
Elena García Paleo
Candela Rodríguez Bernárdez
Pablo Torres París
Laura Vázquez Neira

Baixo a dirección de:

María Teresa Amado Rodríguez
Helena de Carlos Villamarín

*Proxecto didáctico para a materia de Didáctica da Cultura Clásica.
Máster Universitario en Formación de Profesorado de Educación
Secundaria Obrigatoria e Bachatelado, Formación Profesional e
Ensinanza de Idiomas.*